

—Na páxina 653, cláusula décimo segunda, liña 2, onde di: «... no número...», debe dicir: «... do número...».

—Na páxina 654, cláusula adicional primeira, liñas 2 e 3, onde di: «reserva para si nº prazas...», debe dicir: «reserva para si ... prazas».

*Resolución do 9 de febreiro de 1993, da Dirección Xeral de Traballo e Promoción de Emprego, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da Asociación Profesional de Academias de Formación Ocupacional (APAFO).*

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos neste, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral foron depositados a acta de constitución e os estatutos da Asociación Profesional de Academias de Formación Ocupacional (APAFO), que ten os seguintes ámbitos:

Territorial: Comunidade Autónoma de Galicia.

Funcional: centros de ensinanzas non regradas que reúnan os seguintes requisitos:

—Estar legalmente constituídos de conformidade coa normativa vixente para exerce-las indicadas ensinanzas; e

—Ser centro homologado para impartir ensinanzas de formación ocupacional no momento de solicita-lo seu ingreso.

Asinan a acta de constitución: Luis de Ory D. Alcahud e outros cinco más.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 1993.

Manuel López Pérez  
Director xeral de Traballo e Promoción de Emprego

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

*Decreto 32/1993, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural da Baixa Limia.*

A Lei 4/1989, de conservación dos espacios naturais e da flora e fauna silvestres, establece a necesidade de adecua-la xestión dos espacios naturais protexidos e das especies que se van protexer ós principios inspiradores dela, para o cal se fai preciso a posta en vigor dun instrumento de planificación dos recursos naturais que permita acada-los obxectivos de conservación do ecosistema e dos valores naturais, e dos problemas que trae consigo o uso sostenido e desfrute público destes espacios.

O Estatuto de autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espacios naturais e das especies e elementos singulares de fauna, flora e xea de Galicia que polo seu valor e interese científico, paisaxístico, cultural ou histórico requiran unha especial atención.

O procedemento de elaboración do Plan de Ordenación do Parque Natural da Baixa Limia incluíu os trámites de audiencia ós interesados, información pública mediante publicación no DOG e consulta dos interésses sociais, concellos e institucións, afectados.

Por estas razóns, por proposta da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día once de febreiro de mil novecentos noventa e tres, dispoño:

**Artigo 1º**

De acordo co establecido no título II da Lei 4/1989, de conservación da flora e fauna silvestres, apróbase o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, como instrumento de ordenación do espacio natural.

**Artigo 2º**

O parque natural da Baixa Limia ocupa unha superficie de 20.920 ha e ten como límites os que se describen no anexo I deste decreto.

**Artigo 3º**

Para facer compatible no parque natural a conservación dos recursos naturais coas distintas actividades que se desenvolven nel, clasifícase o territorio nas seguintes categorías:

—Zona de reserva, que comprende os seguintes encloses:

- Barranco de Olelas.
- Alta serra do Xurés.
- Bosque do barraco da Cruz de Touro.
- Bosque do barraco da Ponte Nova.

—Zonas especiais, nas que están incluídos os seguintes territorios:

- Piñeiral de Salgueiros.
- Ribeiras do río Salas.
- Zonas altas do monte do Quinxo e somontes da serra de Leboreiro.
- Serra do Xurés e Santa Eufemia.
- Manifestacións de bosque caducifolio de Entrimo e Lobios nas rampas das serras.

—Zonas de rexeneración forestal. Comprende os terreos de monte incluídos dentro de áreas de valor natural baixo, excluíndo os terreos agrícolas, núcleos urbanos, zonas de servicios e masas de auga.

—Zonas de cultivos. Consideráranse aquelas que tradicionalmente se venen utilizando como terreos agrícolas.

las e pastos. Están situadas nos arredores dos núcleos urbanos.

**—Núcleos urbanos.** Son os seguintes:

Concello de Entrimo: Guxinde, A Pereira e Olelas.

Concello de Lobios: O Vao, Buscalque, A Cela, Compostela e Quintela.

Concello de Muíños: Albite, Guntumil, Requiás e Os Salgueiros.

**—Áreas de servicios.** Trátase das localizadas nas seguintes zonas:

Portela de Home.

Muíños, entre Requiás e Guntumil.

Ludeiros, en Lobios.

Localizada en Pereira, Guxinde e Bouzadrado.

**—Masas de auga.** Inclúense no parque as seguintes:

Encoro de Muíños.

Encoro de Lindoso.

Encoro de Olelas.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de febreiro de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Tomás Pérez Vidal  
Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

#### ANEXO

##### Límites do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

Norte-leste. Desde a fronteira con Portugal, río da Montaña ata o lugar denominado Carballeira, á altura de onde desauga no río da Montaña un regacho procedente de Queguas.

Desde Carballeira, en liña recta, ata o vértice xeodéxico de Couto Alto continuando pola liña de máxima pendente ata o corgo de Ereixa, polo que se descende ata a estrada local de Terrachá de Entrimó a Olelas.

Continúase por esta estrada ata o lugar de Lla onde se toma a pista hacia Lantemil e Reloeira.

Desde Reloeira ascéndese polo río Salas ata o río Nau (afluente pola esquerda) remontándoo ata a pista forestal de Manín ó lugar de Cimadevila.

Continúase ascendendo pola liña de máxima pendente dirección norte-sur ata a cota 600 m, s.n.m., que se segue ata o p.k. 11 da estrada de Lobios a Portela do Home. Neste punto quilométrico continúase polo río Caldo ata o arroio da Cabreira polo que se ascende para alcanza-la cota 500 m, s.n.m., continuando por esta cota ata o río Vilameá á cota Veiga (783 m), recta que se continua ó río Lobios (cota 640 m).

Remóntase polo arroio de Saa ata a cota 900 m, s.n.m. polo que se chega ó río Cabaleiro, descendéndose por este á confluencia do arroio de Fontesfría.

Desde a cota 800 m, s.n.m. sóbese ó outeiro das Lamellas (1.036 m) descendendo polo Entercadío ó río Mao e por este ó río Salas.

O río Salas remóntase polo encoro de Salas, incluíndose dentro do parque unha franxa do encoro de 250 m de anchura sobre a liña de máxima capacidade ata a fronteira con Portugal.

**Sur-oeste. Fronteira con Portugal.**

*Corrección de errores.—Orde do 20 de xaneiro de 1993 pola que se establecen axudas para a mellora, restauración e divulgación do medio ambiente natural e dos seus componentes.*

Advertidos errores no texto da orde desta consellería do 20 de xaneiro pola que se establecen axudas para a mellora, restauración e divulgación do medio ambiente natural e dos seus componentes, (DOG nº 27, do 10 de febreiro de 1993), cómpre proceder á súa corrección, e, ó mesmo tempo publica-los anexos da citada orde.

Na páxina 1.067, columna da esquerda, no artigo 5 onde di: «De acordo co artigo 78.4 da Lei 11/1992...», debe dicir: «De acuerdo co artigo 79 da Lei 11/1992...»